

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 16 de xullo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

2.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE “MELLORAS DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS (LOTE 1, LOTE 2 E LOTE 3). EXPTE. 2500/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 08/07/14, do xefe de área de fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorización para encargar a redacción dun “PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO LOTE 2 ADXUDICADO NO EXPEDIENTE 2082/440 MELLORAS DE INFRA-

ESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1, LOTE 2 E LOTE 3)", que recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, cunha estimación de incremento de 9.364,01 Euros.

Segundo.- Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.

3.- PROPOSTA DE MELLORAS POR MOR DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO. EXPTE. 15324/444.

O presente expediente retírase da orde do día.

4.- PROXECTO DE REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALADARES, ESTRADA DA VENDA. EXPTE. 2658/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 14/07, do xefe de área conformado polo concelleiro-delegado de Fomento; visto o informe de fiscalización do 15/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobación do proxecto para executa-las obras de REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALADARES, ESTRADA DE VENDA, por un importe total de 430.648,56€ (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os costes asociados ao proxecto por importe de 18.076,38 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	7.237,79 €
• Asistencia técnica.....	7.237,79 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.809,45 €
Suma.....	16.285,03 €
11 % Gastos Xestión.....	1.791,35€
• Total (IVE excluído).....	18.076,38 €

5.- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 25427/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 01/07, do técnico de Organización, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado; visto o informe de fiscalización do 09/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Media, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Benestar Social, contida no escrito de data 12 de xuño de 2014.

Segundo.- Nomear funcionaria interina con cargo á referida praza vacante de Diplomada en Traballo Social a D^a. MARINA LÓPEZ MARTÍNEZ, DNI 77.411.776-D, aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios interinos previstos no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extingúndose automaticamente dita condición no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente o ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2010, publicada no BOP e no DOGA de 4 e 18 de febreiro de 2011, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a en Traballo Social, sendo adscrita ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Terceiro.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D^a. NATALIA PAZOS RODRÍGUEZ, DNI 76.828.842-X, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a en Traballo Social, sendo adscrita ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos,

termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás -----.
Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.